

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

**15296** Orde TED/1126/2020, do 20 de novembro, pola que se modifica o anexo do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas, e o anexo do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras.

O título III da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, refírese á conservación da biodiversidade silvestre. Por unha parte (capítulo 1), establece réximes especiais de protección para aquelas especies silvestres cuxa situación así requira. Por outra (capítulo 3), aborda a necesidade de prevención e control das especies exóticas invasoras como ameaza grave para as especies autóctonas.

En canto ás especies que requiren dunha protección especial, o artigo 56 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, crea a Lista de especies silvestres en réxime de protección especial, en cuxo seo, segundo o artigo 58 da mencionada norma, se establece un Catálogo español de especies ameazadas. Ambos os instrumentos –en diante, «Lista» e «Catálogo de especies ameazadas»– foron obxecto de desenvolvemento a través do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.

O artigo 56.1 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, determina que se inclúen na lista aquelas especies, subespecies e poboacións merecedoras dunha atención e protección particular en función do seu valor científico, ecolóxico, cultural, singularidade, rareza ou grao de ameaza, así como aquelas que figuren como protexidas nos anexos das normas da Unión Europea e tratados internacionais ratificados por España. O artigo 58.1 da mesma norma especifica que no Catálogo de especies ameazadas se deben incluír os taxons ou poboacións da biodiversidade ameazada, sempre que información técnica ou científica así o aconselle. Pola súa parte, os artigos 56.2 e 58.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, sinalan que a inclusión, cambio de categoría ou exclusión de taxons terá lugar por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, logo de iniciativa das comunidades autónomas; ou de oficio, polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, no caso de taxons protexidos nos anexos das normas da UE e tratados internacionais ratificados por España. Calquera cidadán ou organización pode solicitar a iniciación do procedemento, xuntando á súa proposta unha argumentación científica. O procedemento detallado para levar a cabo modificacións nestes instrumentos de protección especial queda especificado no artigo 6 do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro.

En consecuencia, tanto a Lista coma o Catálogo de especies ameazadas deben ser instrumentos dinámicos, suxeitos a actualización permanente, consecuencia tanto do incremento no coñecemento sobre os cambios que teñen lugar no estado de conservación das especies, subespecies e poboacións como das modificacións que poidan existir nos anexos das diferentes normas da Unión Europea e tratados internacionais ratificados por España.

En canto ás especies exóticas invasoras, o artigo 64 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, crea o Catálogo español de especies exóticas invasoras, que se desenvolveu a través do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras –en diante, «Catálogo de especies invasoras»–. Inclúense no dito catálogo, segundo o artigo 64.1 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, todas aquelas especies e subespecies exóticas invasoras que constitúan unha ameaza grave para as especies autóctonas, os hábitats ou os ecosistemas, a agronomía ou para os recursos

económicos asociados ao uso do patrimonio natural. Para a inclusión ou exclusión de taxons neste instrumento, o artigo 64.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, establece similar procedemento ao recollido para modificar a Lista e o Catálogo de especies ameazadas, coa especificación de requirirse unha análise de riscos para a especie que se vai incluír ou excluír, como documentos que se xuntan á memoria técnica xustificativa. O dito procedemento queda descrito con maior profundidade no artigo 5 do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto.

Deste modo, a Dirección Xeral de Biodiversidade, Bosques e Desertificación do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico recibiu propostas de diferentes administracións, entidades e persoas para modificar a Lista e o Catálogo de especies ameazadas, incluído o propio Ministerio, a Comunidade Autónoma de La Rioja, a Sociedade Española de Bioloxía da Conservación de Plantas (SEBiCoP), o Grupo de Investigación e Conservación de Fauna (GIC) e o Dr. Sergi Gofas (Universidade de Málaga). Do mesmo modo, a Comunidade Autónoma de Canarias, a Asociación para el Estudio y Mejora de los Salmónidos (AEMS-Ríos con Vida) e o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico realizaron tamén propostas para a modificación do Catálogo de especies invasoras. A tramitación destas propostas recibiu finalmente aprobación por parte da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, o cal permite a modificación destas ferramentas legais a través de orde ministerial, segundo establecen os artigos 6.7 do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, e 5.2 do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto.

No caso de Lista e Catálogo de especies ameazadas, e tras a aplicación, se for o caso, dos Criterios orientadores para a inclusión de taxons e poboacións no Catálogo español de especies ameazadas (aprobados mediante o Acordo de Consello de Ministros, do 24 de febreiro de 2017, e publicados como Resolución do 6 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural), inclúense no Catálogo de especies ameazadas, na categoría «En perigo de extinción», das especies de flora *Avellara fistulosa*, *Hydrocharis morsus-ranae* e *Sparganium natans*, así como, dentro da fauna, a poboación do Sistema ibérico da perdiz charrela (*Perdix perdix hispaniensis*). Inclúese na categoría «Vulnerable» o molusco mariño *Tritia tingitana*. Pola súa parte, o cetáceo toniña (*Phocoena phocoena*) cambia de categoría desde «Vulnerable» a «En perigo de extinción». Así mesmo, inclúese na Lista a Violeta do Teide (*Viola cheiranthifolia*) e unha ave de recente asentamento en España: o rabixunco etéreo (*Phaethon aethereus*). Todas estas especies se incorporan logo de solicitude de administracións, asociacións científicas ou investigadores.

Por último, incorpórase de oficio á Lista o castor europeo (*Castor fiber*), especie incluída nos anexos II e IV da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

De maneira similar, en relación co Catálogo de especies invasoras, inclúense nel tres novas especies: o térmita subterráneo oriental (*Reticulitermes flavipes*), a alga asiática *Rugulopteryx okamurae* e a acacia negra (*Acacia melanoxylon*). Resulta necesario, por outra parte, engadir unha precisión taxonómica para o xénero *Cylindropuntia*, previamente incluído neste catálogo. Ao existir sinonimias dentro deste mesmo xénero que poden xerar confusión sobre se determinadas especies se encontran ou non incluídas no Catálogo de especies invasoras, procede especificar que as especies actualmente denominadas *Austrocylindropuntia cylindrica*, *A. floccosa*, *A. pachypus*, *A. shaferi*, *A. subulata*, *A. verschaaffeltii* e *A. vestita* se consideran todas, para efectos legais, incluídas no Catálogo, ao teren sido separadas taxonomicamente como parte doutro xénero diferente con posterioridade á inclusión do xénero *Cylindropuntia* no Catálogo de especies invasoras.

Esta orde ministerial dítase de conformidade co previsto na disposición derradeira segunda do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, así como coa disposición derradeira segunda do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto. Ambas as disposicións derradeiras facultan a titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para modificar mediante orde ministerial os anexos dos ditos reais decretos con obxecto de actualizalos e, se for o caso, adaptalos á normativa comunitaria ou internacional.

Na súa elaboración, esta orde seguiu o trámite de audiencia previsto no artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno; consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados e o proxecto someteuse ao trámite de participación pública en materia de ambiente establecido no artigo 16 en relación co artigo 18 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE). Así mesmo, solicitáronse os informes da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, do Consello Estatal do Patrimonio Natural e a Biodiversidade e do Comité Científico creado polo artigo 7 do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, e a disposición adicional 10.<sup>a</sup> do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto.

A orde ministerial adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e, en particular, aos principios de necesidade e eficacia, e xustifícase na necesidade de manter permanentemente actualizados a Lista de especies silvestres en réxime de protección especial, o Catálogo español de especies ameazadas e o Catálogo español de especies exóticas invasoras, incorporando aquelas que, de conformidade cos últimos coñecementos científicos e datos técnicos, resulten ser acreedoras destes réximes de protección específica ou do réxime xurídico conferido ás especies que forman parte do Catálogo de especies invasoras.

A orde é acorde tamén co principio de proporcionalidade, pois a norma contén a regulación mínima imprescindible para atender a necesidade de cubrir a adopción de medidas de conservación das especies e para a loita contra as ameazas que impoñen as especies invasoras, sen que existan outras medidas menos restritivas de dereitos ou que impoñan menos obrigacións aos destinatarios.

De acordo co principio de seguridade xurídica, a norma é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e internacional. A orde ministerial é o instrumento normativo expresamente previsto para cumprir esta finalidade de actualización, segundo a disposición derradeira segunda do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, e do Real decreto 630/2103, do 2 de agosto.

De acordo co principio de transparencia, na elaboración da norma seguíronse todos os procesos de participación e audiencia que establece a normativa vixente.

En aplicación do principio de eficiencia, a norma non contén ningunha carga administrativa e non suporá o incremento dos recursos humanos e económicos dispoñibles por parte da Administración xeral do Estado.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo primeiro.** *Modificación do anexo do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.*

Co obxecto de incluír ou cambiar de situación determinadas especies, subespecies ou poboacións (en diante, «especies»), modifícase o anexo polo que se inclúen na Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e, se for o caso, no Catálogo español de especies ameazadas, nos seguintes termos:

«Un. Inclúense na Lista de especies silvestres en réxime de protección especial (Lista) ou ben no Catálogo español de especies ameazadas (Catálogo), as seguintes especies nas categorías que se indican a continuación:

Nome científico	Nome común	Poboación referida
Especies que se inclúen no Catálogo na categoría «En perigo de extinción»		
FLORA ANXIOSPERMAS		
<i>Asteraceae</i> <i>Avellara fistulosa</i> (Brot.) Blanca & C. Díaz.	Chicoria foca.	
<i>Hydrocharitaceae</i> <i>Hydrocharis morsus-ranae</i> L.	Bocado de ra, Corazóns de auga.	
<i>Tiphaceae</i> <i>Sparganium natans</i> L.	Esparganio acuático, Platanaria de auga.	
AVES GALIFORMES		
<i>Phasianidae</i> <i>Perdix perdix hispaniensis</i> Reichenow, 1892.	Perdiz charrela.	Sistema Ibérico.
Especies que se inclúen no Catálogo na categoría «Vulnerable»		
INVERTEBRADOS MOLLUSCA		
GASTROPODA <i>Tritia tingitana</i> (Pallary, 1901).	Caracolilla de Tánxer.	
Especies que se inclúen na Lista		
FLORA ANXIOSPERMAS		
<i>Violaceae</i> <i>Viola cheiranthifolia</i> Humb. & Bonpl.	Violeta do Teide.	
AVES PHAETONTIFORMES		
<i>Phaetontidae</i> <i>Phaethon aethereus mesonauta</i> Peters, J.L., 1930.	Rabixunco etéreo.	
MAMÍFEROS RODENTIA		
<i>Castoridae</i> <i>Castor fiber</i> Linnaeus, 1758.	Castor europeo.	

Dous. A especie que se relaciona a continuación cambia de situación dentro do Catálogo español de especies ameazadas:

Nome científico	Nome común
Especie que se inclúe no Catálogo na categoría «En perigo de extinción»	
MAMÍFEROS CETACEA	
<i>Phocoenidae</i> <i>Phocoena phocoena</i> (Linnaeus, 1758).	Toniña común.»

**Artigo segundo.** *Modificación do anexo do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, que regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras.*

Modifícase o anexo da seguinte forma:

«Un. Engádese a seguinte especie no parágrafo Algas:

Nome científico	Nome común
<i>Rugulopteryx okamuræ</i> (E.E. Dawson) I.K. Hwang, W.J. Lee & H.S. Kim 2009	Alga asiática.

Dous. Engádese a seguinte especie na epígrafe Flora:

Nome científico	Nome común
<i>Acacia melanoxylo</i> (R.Br. in W.T.Aiton).	Acacia negra.

Tres. Engádese a seguinte especie na epígrafe Artrópodos non crustáceos:

Nome científico	Nome común
<i>Reticulitermes flavipes</i> Kollar, 1837.	Térmite subterráneo oriental.

Catro. Engádese a seguinte precisión taxonómica sobre o xénero *Cylindropuntia*:

Dentro do xénero *Cylindropuntia* considéranse tamén as seguintes especies: *Austrocylindropuntia cylindrica*, *A. floccosa*, *A. pachypus*, *A. shaferi*, *A. subulata*, *A. verschaffeltii* e *A. vestita*, ao tratarse de especies incluídas neste xénero no momento da súa incorporación no Catálogo español de especies exóticas invasoras e seren consideradas posteriormente como parte doutro xénero diferente.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 20 de novembro de 2020.–A vicepresidenta cuarta do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Teresa Ribera Rodríguez.